

Pasarela SSH

Descrición do servizo

Proporciona acceso a un equipo da rede interna do centro a través de SSH dende o exterior. Este servizo está pensado para poder acceder á rede do centro en casos onde non é posible facer uso da [VPN](#).

Alta no servizo

Comproba primeiro no [apartado Conta e Permisos de Xici](#) se aparece xa listado o servizo *Acceso ext. pasarela SSH*. Nese caso, o servizo xa está activo para a túa conta.

A alta debe solicitarse mediante o [formulario de peticións e incidencias](#). Para acceder ó formulario precisas usuario e contrasinal do CiTIUS. Se tes problemas recordando o usuario ou contrasinal, podes solicitar unha reactivación en citius.tic@usc.es.

Tamén debes engadir unha chave pública SSH na túa conta, no [apartado «Conta e permisos» de Xici](#), xa que **só se acepta autenticación mediante chave SSH**.

Para xerar as chaves, dende unha terminal executa:

```
ssh-keygen -t rsa
```

Introduce un contrasinal para protexer as túas chaves. Isto xerará os arquivos `~/.ssh/id_rsa` (a chave privada) e `~/.ssh/id_rsa.pub` (a chave pública). Esta última é a que debes introducir en Xici.

Manual de usuario

Datos de conexión

- Servidor: 193.144.78.45
- Porto: 22
- Usuario: *O teu usuario do CiTIUS*

Conexión simple dende GNU/Linux

Para conectar, podes facer uso do comando SSH. Opcionalmente, podes especificar a localización da chave privada, se non se atopa na súa localización por defecto.

```
ssh -i ~/.ssh/id_rsa nome.usuario@193.144.78.45
```

Unha vez conectado, podes conectarte a outros equipos do centro, por exemplo ó teu equipo de traballo. Recorda que podes acendelo (e apagalo) facendo uso do servizo de [acendido e apagado remoto](#).

Conexión simple dende Windows

Podes utilizar o programa [PuTTY](#), facendo uso dos mesmos datos facilitados arriba.

Para conectar, é preciso converter previamente a chave privada do formato SSH ó formato de PuTTY. Podes facelo con PuTTYgen que podes atopar na mesma páxina de PuTTY. Para facelo:

- Accede ó menú *Conversions* » *Import key*.
- Localiza a chave privada en formato SSH (o nome por defecto é `id_rsa`).
- Introduce a chave de paso, se a tivese.
- Preme no botón *Save private key* e selecciona un lugar onde gardar o arquivo `.ppk` xerado.

Unha vez teñas o arquivo con extensión `ppk`, podes usalo no campo *Private key file* tanto de PuTTY coma de WinSCP.

Conexión a un servizo facendo un túnel SSH

Podes usar a pasarela SSH para acceder a un servizo do CITIUS, mapeando os portos necesarios da máquina que ofrece o servizo a túa máquina local.

Por exemplo, podes acceder ó [almacenamento a través de SSH](#) se mapeas así o servizo:

```
ssh -i ~/.ssh/id_rsa nome.usuario@193.144.78.45 -L 8000:172.16.242.41:22
```

Unha vez conectado, podes acceder ós arquivos a través de SSH na dirección `127.0.0.1:8000`. Deste mesmo xeito podes acceder a outros servizos.

Tamén se pode facer dende Windows, a través do programa [WinSCP](#). Para facelo, debes premer en *Advanced options* e cubrir os datos de conexión no panel *Tunnel*.

From:
<https://wiki.citius.usc.es/> - **Wiki do CiTIUS**

Permanent link:
https://wiki.citius.usc.es/centro:servizos:pasarela_ssh

Last update: **2020/08/25 13:01**

